

## Preto de 500 persoas participaron nos programas formativos para inmigrantes organizados pola Secretaría Xeral da Emigración

- » Os alumnos recibiron os diplomas no Paraninfo do IES Otero Pedrayo, nun acto que contou coa presenza de Antonio Aguarón, subdirector xeral do Retorno e da Inmigración, Francisco Novoa, presidente da ACH, e o delegado territorial da Xunta en Ourense, Rogelio Martínez
- » O curso abrangueu tres accións formativas diferentes: Instrumentos de integración, Alfabetización informática e Cursos de castelán

Ourense, 22 de abril de 2010.- Preto de 500 persoas participaron durante os últimos meses no programa de accións formativas para inmigrantes, organizado conxuntamente pola Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Emigración, e a Asociación de Centros Homologados. Os alumnos -que recibiron hoxe os diplomas no Paraninfo do IES Otero Pedrayo nun acto que contou coa presenza de Antonio Aguarón, subdirector xeral do Retorno e da Inmigración, Francisco Novoa, presidente da ACH, e o delegado territorial da Xunta en Ourense, Rogelio Martínez-, adquiriron, ao longo do desenvolvemento destes cursos, coñecementos orientados a promover a súa integración nos diferentes eidos da sociedade galega.

Neste sentido, o curso, no que participaron persoas estranxeiras non comunitarias residentes en Galicia, incluída a poboación inmigrante procedente de Bulgaria e Romanía, abrangueu tres accións formativas diferentes: instrumentos de integración, alfabetización informática e cursos de castelán.

Así, na acción formativa “Instrumentos de integración” deuse a coñecer ás persoas inmigrantes os valores e costumes de España e Galicia, así como o marco constitucional e estatutario e os diferentes aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais e coa igualdade. As accións tiveron lugar en 12 cidades e vilas distintas das catro provincias galegas: A Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Burela, Foz, Ourense, Xinzo de Limia, Verín, Vigo, Pontevedra e O Porriño.

A través das accións de Alfabetización informática facilitouse unha capacitación básica aos participantes, co obxectivo de que puideran comezar a moverse no mundo das novas tecnoloxías e, deste xeito, obter máis información e estar mellor comunicados. Nesta materia se celebraron 8 edicións, na Coruña, Santiago, Lugo, Burela, Xinzo de Limia, Vigo e Pontevedra.

Mediante os cursos de castelán achegáronse coñecementos básicos desta lingua para facilitar aos inmigrantes os primeiros pasos no momento da súa chegada á sociedade de acollida; realizándose dúas edicións, unha en Ourense e outra en Pontevedra.



Un dos participantes co seu diploma.  
Autor: Xunta de Galicia



> Tema: [Emigración](#) , [Educación](#)  
> Departamento: [Presidencia](#)